# FACULTADE DE FARMACIA

# PLAN ESTRATÉXICO DE CENTRO

# 2024-2026




| *Versión* | *Unidade/Órgano responsable* | *Data aprobación* |
|---|---|---|
| *V_1_ Proposta inicial* | *Comisión de Calidade do Centro / Comisión delegada / Grupo de Traballo para a elaboración do Plan Estratéxico do Centro (PEC)* | *xx/xx/2025* |
| | *Informe conforme da SCVTI* | |
| *V_2_ PEC aprobado* | *Xunta de Centro* | |
| *V_Final.* | *Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno da USC* | |

# Índice

1. **INTRODUCIÓN AO PEC 2024-2026** ........ 3
2. **A Facultade de Farmacia** ........ 5
3. **MISIÓN, VISIÓN E VALORES 2024-2026** ........ 9
4. **LIÑAS ESTRATÉXICAS 2024-2026** ........ 10
5. **DIAGNOSE ESTRATÉXICA** ........ 12
6. **OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS** ........ 19
7. **ELABORACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PEC** ........ 31

**DOCUMENTACIÓN ANEXA** ........ 32

# 1. INTRODUCIÓN AO PEC 2024-2026

## 1.1. Presentación da Facultade de Farmacia

*(mención breve, 2-3 parágrafos, información básica do SGC e se se detenta Acreditación institucional)*

A Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada formación para o seu estudantado, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que afiancen as condicións de desenvolvemento profesional adecuadas ao seu persoal docente e investigador (PDI), ao persoal técnico de xestión e de administración e servizos (PTXAS) e que renda contas dos investimentos e optimización dos seus recursos.

A Facultade de Farmacia dirixe os seus esforzos á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os grupos de interese, comprometéndose a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos que estean a súa disposición, e sempre dentro do estrito cumprimento dos requisitos legais universitarios aplicables.

Dada a importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir que os programas formativos dean resposta ás demandas de excelencia no mesmo, a Facultade de Farmacia posúe un Sistema de Garantía de Calidade (SGC), cuxo deseño está certificado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

A organización e funcionamento da Facultade de Farmacia atópanse recollidos no Regulamento de Réxime Interno aprobado na Xunta de Facultade o 18 de decembro de 2017 e ratificado polo Consello de Goberno da USC o 10 de xullo de 2018.

## 1.2. Presentación do PEC

*(obxectivo xeral, período de execución, antecedentes).*

Este documento constitúe o Plan Estratéxico da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago para o período 2024-2026 (PEC).

Neste documento faise unha fonda reflexión acerca das fortalezas e debilidades, oportunidades e ameazas, unha vez que as titulacións que se imparten no centro, Grao en Farmacia e Máster en I+D de Medicamentos, pasaron a súa acreditación, en 2017 e 2019 respectivamente, e implantáronse os estudos das novas titulacións do dobre grao en Farmacia e Óptica e Optometría (no curso 2018-2019), do Máster Universitario en Nanociencia e Nanotecnoloxía (USC-UVigo, ofertado nos cursos 2021-22, 2022-23 e 2023-24), e do Máster Universitario en Biofabricación (USC-UVigo-UdC, ofertado por primeira vez no curso 2024-2025). Establécense as liñas estratéxicas e os obxectivos concretos que deben guiar a xestión da facultade ata o ano 2026. Estas liñas estratéxicas plásmanse nos ámbitos nos que se debe traballar e que afectan ao estudantado, ao persoal docente e investigador (PDI) e ao persoal técnico de xestión e de administración e servizos (PTXAS) do centro.

As liñas estratéxicas e os obxectivos que se definen neste plan están enmarcados dentro do plan estratéxico da USC 2024-2026, aprobado polo Consello de Goberno o 25 de xuño de 2024.

## 1.3. Contexto

*(referencia ao novo contexto: social, docente, normativo, económico que afecta a actividade do centro).*

O contexto educativo da Facultade de Farmacia evolucionou significativamente nos últimos anos, incluíndo novas metodoloxías docentes centradas no aprendizaxe do estudantado que promoven a creatividade e o estudo independente. Ademais normativamente estanse a producir cambios que afectan a todas as titulacións do centro, derivadas do Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, e da LOSU (Lei orgánica 2/2023, de 23 de marzo do sistema universitario), pero tamén, en particular, o Grao en Farmacia tense que adaptar os cambios que se van producir, logo da adaptación ó noso ordenamento xurídico, das modificacións producidas na Directiva 2005/36/CE relativa ó

recoñecemento de cualificacións profesionais, entre elas ás correspondentes á profesión farmacéutica.

O ámbito do medicamento suscita, dende a pandemia aínda máis se cabe, moito interese, sobre todo cando existe unha preferencia por unha carreira profesional dirixida á investigación ou aos niveis académicos máis altos, o cal facilita a incorporación laboral na industria farmacéutica ou outras afíns. Isto, unido ó recoñecemento dos distintos programas de posgrado permite unha maior transferencia e xeración de coñecemento para fornecer solucións innovadoras no eido da saúde.

No campo económico, o sector farmacéutico xoga un papel crucial debido ó seu alto nivel de inversión en investigación, desenvolvemento e innovación. Así, este sector non só impacta economicamente senón tamén socialmente mellorando a calidade de vida das persoas.

Socialmente a Facultade ten a obriga de formar profesionais que sexan conscientes dos novos contextos nacional e global que sexan quen de traballar en equipos multidisciplinares e comprometidos coa sociedade.

### 1.4. Elaboración do PEC 24-26

*(breve mención ao proceso e á participación (USC e/ou axentes externos).*

A posta en marcha do proceso da elaboración do PEC realizouse segundo o procedemento P01-PE 01 de elaboración e aprobación do Plan Estratéxico do centro, iniciándose polo equipo de dirección do centro (ECD) na súa xuntanza semanal do día 12 de novembro de 2024. Unha vez recollidas as suxestións dos membros das Comisións dos Títulos impartidos no Centro (mencionados no apartado 2.2) e dos membros da Comisión de Calidade do Centro, elaborouse a actual proposta que será sometida a exposición pública e consulta dos grupos de interese entre os que se atopa o Comité Consultivo da Facultade de Farmacia.

# 2. A Facultade de Farmacia

## 2.1. Orixe da Facultade de Farmacia

Os estudos de Farmacia na USC inícianse como tales coa promulgación da Lei de Instrución Pública de 1857. Inicialmente a facultade estaba situada no Colexio Fonseca, compartindo espazo con Medicina ata que no curso 1971-1972 foi traslada ó edificio que ocupa na actualidade. Nestas datas só existían en España estudos específicos para futuros farmacéuticos, ademais de en Santiago, en Madrid, Barcelona e Granada.

Dende entón ata os nosos días, nos que nos tivemos que adaptar ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), e máis recentemente ó RD 822/2021, existiron diferentes plans de estudos : do 1973 ó 1994, do 1994 ó 1999 e do 199-2010. Dentro do EEES, no noso centro ensínanse estudos de Grao en Farmacia, que habilitan para a profesión de farmacéutico, titulación homologada única no Sistema Universitario de Galicia (SUG), o Máster en I+D de Medicamentos dende o curso 2010-2011, a dobre titulación Farmacia/Óptica e Optometría dende o curso 2017-2018, o Máster Universitario en Nanociencia e Nanotecnoloxía (Interuniversitario UVigo-USC) dende o curso 2020-2021, e máis recentemente o Máster Universitario en Biofabricación (Interuniversitario UdC-UVigo-USC).

Nesta etapa o centro apostou por unha política de calidade, que se iniciou coa aprobación do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) en abril do ano 2010. Este SGIC foi evolucionando e adaptándose dende o Sistema Marco de Garantía Interna de Calidade da universidade ao funcionamento real do centro. Despois estivo vixente o Manual simplificado do SGIC, que unha vez aprobado pola Comisión de Calidade do centro e a Xunta de Facultade, finalmente se aprobou o 4 de febreiro de 2015 polo Consello de Goberno da USC.

Un paso posterior enmarcado dentro da política de calidade do centro tivo lugar o 13 de abril de 2016, coa emisión do informe favorable pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC, da primeira Memoria de Calidade do centro.

Os documentos vixentes na actualidade, o Manual de procesos do SGC do Centro e o Manual do Sistema de Garantía Marco da Facultade de Farmacia, foron aprobados o 19 de decembro de 2019 pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno (CCPdCG) e conforman o actual Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC).

O plan estratéxico que se presenta pretende ser unha continuación do Plan Estratéxico 2018-2020 da Facultade de Farmacia, que foi prorrogado ata 2022, para continuar apostando por unha docencia e investigación que cumpran coa política de calidade da facultade e da universidade.

## 2.2. Catálogo actual de titulacións

### 2.2.1. Graos

Grao en Farmacia (2ª edición). RUCT 2502220.

Dobre grao en Farmacia e Óptica e Optometría. RUCT 7000777.

### 2.2.2. Másteres

Máster en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos (MIDM). RUCT 4311777.

Máster Interuniversitario en Nanociencia e Nanotecnoloxía (MINyN) (En extinción). RUCT 4317355.

Máster Interuniversitario en Biofabricación (MBF). RUCT 3500262.

### 2.2.3. Programas de doutoramento dos departamentos adscritos

Programa de Doutoramento en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos. RUCT 5600524.

Programa de Doutoramento en Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria. RUCT 5600481.

## 2.3. Grupos de investigación actuais

A continuación, detállase os grupos de investigación ó que pertencen os PDI que imparten docencia no centro:

| Nome do grupo | Código |
|---|---|
| Análisis y Conservación de la Biodiversidad | GI-1291 |
| Biodiversidad y Botánica Aplicada | GI-1809 |
| Biología de membranas y mecanismos de transducción de señales en farmacología aplicada. | GI-1685 |
| Biología molecular y del desarrollo en acuicultura | GI-1198 |
| Biotecnología | GI-1208 |
| Biotecnología para el diagnóstico, tratamiento y prevención de las enfermedades infecciosas | GI-1209 |
| Cerámica e Materiais Industriais | GI-1773 |
| Control de Regulación Génica en Enfermedades | GI-2194 |
| Descubrimiento y síntesis de fármacos | GI-1597 |
| EcoPast | GI-1553 |
| Epidemiología, Salud Pública y Evaluación de Servicios de Salud | GI-1956 |
| Evaluación de la Calidad del Suelo | GI-1244 |
| Farmacología del Sistema Nervioso Central y del Estrés Oxidativo | GI-1684 |
| Fisicoquímica de superficies, biointerfases y sistemas coloidales de interés farmacéutico | GI-1591 |
| Fisiología y farmacología de enfermedades crónicas | GI-1862 |
| Genomas y Enfermedad | GI-2189 |
| Grupo de estudios medioambientales aplicados al patrimonio natural y cultural | GI-1243 |
| Grupo de Física de Coloides y Polímeros | GI-2055 |
| Grupo de Investigación de Patología en Acuicultura | GI-1213 |
| Grupo de investigacións biomédicas | GI-1233 |
| Grupo Interdisciplinar en Tecnología Farmacéutica, Inmunobiología parasitaria y Parasitosis Hídricas | GI-2109 |
| I+D de fármacos | GI-1606 |
| I+D en formas de dosificación y sistemas de liberación de medicamentos | GI-1645 |
| Inhibidores Enzimáticos y Herramientas Químicas en Biología | GI-2155 |
| Inmunoparasitología y genética parasitaria | GI-1219 |
| Investigación en Bioquímica Clínica y Autoinmunidad | GI-1987 |
| Investigación, Desarrollo y Evaluación de la Seguridad Química de Alimentos y de Materiales de Contacto Alimentario | GI-1632 |
| Mecanismos moleculares de la enfermedad | GI-2119 |
| Metabolismo Molecular | GI-2180 |
| Nanomateriales y Moléculas Bioactivas | GI-1608 |

| | |
|---|---|
| Nanotecnologías aplicadas al diseño de sistemas de liberación de fármacos | GI-1643 |
| Química Bioinorgánica y Supramolecular | GI-1584 |
| Química de Coordinación y Bioinorgánica | GI-1579 |
| Química Macrocíclica y Organometálica | GI-1581 |
| Sistemas supramoleculares, nanobiomimética y biofísica molecular | GI-2132 |
| Toxicología forense | GI-1734 |
| Toxinas marinas: Mecanismos de Transducción, usos terapéuticos y métodos de detección | GI-1682 |
| Unidad de Investigación en Cardiología Celular y Molecular | GI-1847 |

### 2.4. Sistema de garantía da calidade

A Xunta de Facultade, órgano estatutario colexiado de goberno da facultade, é o máximo órgano de goberno do centro e responsable último da aprobación das memorias de calidade e dos informes de seguimento, así como das propostas de novos títulos e as súas modificacións futuras.

Segundo o recollido no Manual do Sistema de Garantía de Calidade do centro (MSGC), os órganos para o seguimento do SGC son os seguintes:

**Equipo de dirección do centro (ED):** Está integrado pola decana as vicedecanas e a secretaria do Centro.

**Órganos Unipersoais:**

Decana.

Vicedecana de Organización Académica e Alumnos. Coordinadora do Grao en Farmacia.

Vicedecana de Calidade e Relacións Exteriores (RR.EE). Responsable de Calidade.

Secretaria. Responsable Académica de Mobilidade.

**Órganos Colexiados:**

- Comisión de Calidade do Centro (CCC): Tal e como está reflectido no MSGC do centro e no Regulamento de Réxime Interno a composición desta comisión é a seguinte:
  - Decana (presidenta)
  - Secretario/a da CCC: Secretaria da Facultade
  - Responsable de Calidade do Centro (RCC): Vicedecana de Calidade e RR.EE.
  - Coordinadora do Título de Grao en Farmacia: Vicedecana de Organización Académica e Alumnos.
  - Coordinadora do Título de Máster en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos.
  - Coordinador do Título de Máster Interuniversitario en Nanociencia e Nanotecnoloxía.
  - Coordinador do Título de Máster Interuniversitario en Biofabricación.
  - Responsable Unidade de Xestión de Centros e Departamentos.
  - 2 estudantes (preferiblemente alumno/a-titor/a): Estudantes do Grao en Farmacia (1 membro nato, 1 membro proposto).
- Comisión de Título do Grao en Farmacia (CT):
  - Decana (presidenta)
  - Secretario/a da CT: Secretaria da Facultade
  - Responsable de Calidade do Centro (RCC): Vicedecana de Calidade e RR.EE.
  - Coordinadora do Título de Grao en Farmacia: Vicedecana de Organización Académica e Alumnos.

   - Coordinador/a do 1º curso do Grao en Farmacia.
   - Coordinador/a do 2º curso do Grao en Farmacia.
   - Coordinador/a do 3º curso do Grao en Farmacia.
   - Coordinador/a do 4º curso do Grao en Farmacia.
   - Coordinador/a do 5º curso do Grao en Farmacia.
   - Responsable Unidade de Xestión de Centro e Departamentos
   - 2 estudantes do Grao en Farmacia
- Comisión de Título do Máster en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos:
   - Decana (presidenta)
   - Secretario/a da Comisión: Responsable Unidade de Xestión de Centro e Departamentos.
   - Responsable de Calidade do Centro (RCC): Vicedecana de Calidade e RR.EE.
   - Coordinadora do Máster en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos.
   - 8 Profesores que impartan docencia no Máster.
   - 2 estudantes do Máster
- Comisión de Título do Máster Interuniversitario en Nanociencia e Nanotecnoloxía:
   - Decana (presidenta)
   - Secretario/a da Comisión: Responsable Unidade de Xestión de Centro e Departamentos.
   - Responsable de Calidade do Centro (RCC): Vicedecana de Calidade e RR.EE.
   - Coordinador do Máster en Interuniversitario en Nanociencia e Nanotecnoloxía.
   - 8 Profesores que impartan docencia no Máster.
   - 2 estudantes do Máster
- Comisión Local de Título do Máster Interuniversitario en Biomateriales:
   - Decana (presidenta)
   - Secretario/a da Comisión: Responsable Unidade de Xestión de Centro e Departamentos.
   - Responsable de Calidade do Centro (RCC): Vicedecana de Calidade e RR.EE.
   - Coordinador do Máster na USC.
   - 2 Representantes do PDI.
   - 1 estudantes do Máster

### 2.5. Sistema de seguridade e saúde

Non aplica.

# 3. MISIÓN, VISIÓN E VALORES 2024-2026

## 3.1. Misión

A Facultade de Farmacia ten como misión contribuír á formación integral e de calidade de profesionais de recoñecido prestixio, comprometidos coa saúde e benestar das persoas, nunha contorna académica que promova a xeración de coñecemento e a aplicación destes coñecementos baixo principios éticos de igualdade de xénero, diversidade, inclusión, sustentabilidade e de servizo á sociedade.

## 3.2. Visión

A Facultade de Farmacia da USC quere contribuír ao progreso da sociedade ofrecendo unha docencia de calidade e desenvolvendo unha investigación avanzada, segundo as esixencias internacionais, que dean resposta ás necesidades e retos da sociedade, aspirando en todas as súas actividades a ser recoñecida como centro de referencia non só a nivel nacional senón tamén a nivel internacional.

## 3.3. Valores

Deben guiar as accións e o comportamento da Facultade de Farmacia valores como:

- Integridade, conducta ética e transparencia en todas as nosas actuacións.
- Rendición de contas: á facultade, á universidade e á sociedade, que en definitiva foi a que inverteu a través do financiamento público da Universidade.
- Compromiso cos nosos estudantes, grupos de interese e a sociedade en xeral.
- Asegurar que se cumpran os obxectivos de todos os membros da nosa comunidade baseándonos no mérito, a igualdade e a capacidade.
- Colaboración coa nosa contorna e cos demais centros a nivel nacional e internacional e traballo en equipo fomentando a participación de todos para acadar obxectivos comúns.

# 4. LIÑAS ESTRATÉXICAS 2024-2026

## 4.1. Introdución ás liñas estratéxicas da Facultade de Farmacia

As liñas estratéxicas para a Facultade de Farmacia (LEC) que se describen a continuación foron establecidas tendo en conta o plasmado no anterior PE e unha vez feita a revisión dos aspectos alí recollidos e das metas alcanzadas. Estas LEC foron determinadas polo ED do centro e afectan a tódolos grupos de interese (PDI, PTXAS e estudantado).

Liñas estratéxicas de centro (LEC):

- LEC 1: INFRAESTRUCTURAS.
- LEC 2: DOCENCIA.
- LEC 3: INVESTIGACIÓN.
- LEC 4: CALIDADADE.

Táboa correlación coas liñas estratéxicas da USC (LE)

| LIÑAS ESTRATÉXICAS - USC | LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO - LEC |
|---|---|
| LE1 - Estudantado e a comunidade universitaria | LEC 1 - INFRAESTRUTURAS |
| LE2 - **Formación e a docencia** no novo contexto | LEC 2 - DOCENCIA |
| LE3- Retos na **política de persoal** | LEC 2 - DOCENCIA |
| LE4 - **Investigación e a innovación** como motor do desenvolvemento sostible e o benestar | LEC 3 - INVESTIGACIÓN |
| LE5 - Senda da **internacionalización** | |
| LE6 - Procura de infraestruturas ecoeficientes | LEC 1 - INFRAESTRUTURAS |
| LE7 - A USC na era da transformación dixital | LEC 4 - CALIDADE |
| LE8 - A xestión eficiente dos recursos | LEC 4 - CALIDADE |

## 4.2. Liñas estratéxicas

### 4.2.1. Xustificación LEC 1 – INFRAESTRUTURAS.

A primeira liña estratéxica céntrase nas infraestruturas do centro, como elementos imprescindibles para desenvolver as actividades propias dun centro de carácter docente e investigador. Os obxectivos están enmarcados fundamentalmente na construción do novo edificio e en arranxar deficiencias no antigo edificio, derivadas de que o centro ten unha antigüidade de máis de 50 anos, nos que non se realizou ningunha intervención importante.

### 4.2.2. Xustificación LEC 2 – DOCENCIA.

A segunda liña estratéxica céntrase na calidade e mellora da docencia. O obxectivo estratéxico principal está dirixido a mellorar diferentes aspectos relacionados co desenvolvemento dos títulos que se imparten actualmente na facultade, para acadar que a formación dos estudantes sexa o máis

axeitada posible. Obxectivos non menos importantes son a formación docente continua dos profesores.

### 4.2.3. Xustificación LEC 3 – INVESTIGACIÓN.

A terceira liña estratéxica está centrada na investigación. O seu principal obxectivo é difundir entre os estudantes da Facultade o coñecemento científico xerado por docentes do Centro, así como incentivar a súa atracción pola investigación introducíndoa na actividade cotiá da Facultade. Este contexto científico permitirá a consolidación da Facultade de Farmacia como Centro de investigación e facilitará o retorno ás súas instalación dos grupos de investigación (GI) que conten con docentes na Facultade.

### 4.2.4. Xustificación LEC 4 – CALIDADE.

A cuarta liña estratéxica céntrase na calidade. Os obxectivos clave a conseguir son: mellorar o Sistema de Garantía de Calidade, facelo máis dinámico e incentivar e promover o coñecemento do mesmo polo PDI e PTXAS do Centro.

# 5. DIAGNOSE ESTRATÉXICA

## 5.1. Introdución á diagnose estratéxica

A diagnose estratéxica iníciase coa elaboración deste PEC partindo do Plan Estratéxico da Facultade de Farmacia previo, e pretende analizar a situación actual e futura da Facultade de Farmacia para cada unha das catro liñas estratéxica definidas. Esta diagnose debe permitir identificar fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas para poder establecer un plan de acción que mellore a calidade educativa, facilite a adaptación ó novo contexto educativo, fomente a investigación, asegure a adaptación do centro e das titulacións que se ofertan ás demandas do mercado laboral e da sociedade e que por último, axilice a xestión académica do centro. Porén, debe garantir a sustentabilidade e o éxito a longo prazo da Facultade de Farmacia.

## 5.2. Liña estratéxica 1 – LEC 1. INFRAESTRUTURAS

### 5.2.1. Análise DAFO - LEC 1. INFRAESTRUTURAS

| LEC 1. INFRAESTRUTURAS | Aspectos positivos | Aspectos negativos |
|---|---|---|
| | **Fortalezas** | **Debilidades** |
| **Condicións internas Orientación ó presente** | -Bo aproveitamento das aulas seminario e laboratorios existentes no edificio actual a pesares da deficiente dotación e falta de renovación. | -Deficiencias das instalacións: con problemas tanto estruturais como ambientais ocasionados pola presenza no subsolo de produtos derivados do petróleo.<br>- Non dispoñibilidade de aulas propias para realizar a docencia do grao dende o ano 2016. |
| | **Oportunidades** | **Ameazas** |
| **Condicións externas Orientación ó futuro** | -Comezo do proceso de construción da nova Cidade da Saúde que albergará a nova Facultade de Farmacia.<br>-Promover un proxecto axeitado e racional para o actual edificio da Facultade de Farmacia. | -Ausencia de financiamento polo descenso das convocatorias tanto a nivel nacional como autonómico. |

### 5.2.2. Análise CAME - LEC 1. INFRAESTRUTURAS

| LEC 1. INFRAESTRUTURAS | Oportunidades | Ameazas |
|---|---|---|
| | **Estratexias de reforzo** | **Estratexias correctoras** |
| **Fortalezas** | -Promover a renovación das dotacións dos espazos existentes no edificio actual da facultade para un mellor aproveitamento. | -Impulsar a toma de decisións nas intervencións necesarias para dispoñer da nova facultade nun período de tempo razoable.<br>-Impulsar dende o equipo de dirección a obtención de financiamento para dotar de medios axeitados ao profesorado. |
| | **Estratexias de acción** | **Estratexias de supervivencia** |
| **Debilidades** | -Impulsar e colaborar no plan de construción do novo edificio da Facultade de Farmacia. | -Fomentar a integración dos grupos de investigación da facultade nun centro de referencia que xurda da antiga Facultade de |

| | | |
|---|---|---|
| | | Farmacia.<br>-Reclamar de forma firme a dotación do novo edificio e de infraestruturas de acorde coas actividades docentes e investigadoras de calidade que se realizan na nosa facultade. |

### 5.3. Liña estratéxica 2 – LEC 2. DOCENCIA

#### 5.3.1. Análise DAFO - LEC 2. DOCENCIA

| LEC 2. DOCENCIA | Aspectos positivos | Aspectos negativos |
|---|---|---|
| | **Fortalezas** | **Debilidades** |
| **Condicións internas Orientación ó presente** | -Captación de estudantes con nota media de acceso alta que se vai incrementando paulatinamente e cunha porcentaxe vocacional alta (elección en primeira opción).<br>-Participación activa dos estudantes nos distintos órganos do centro, no desenvolvemento de actividades e na toma de decisións.<br>-Innovación e mellora nas actividades docentes como:<br>•Gran compromiso de xestión dos coordinadores de Grao e Máster e dos coordinadores de curso.<br>•Inclusión de rúbricas de avaliación na guía docente do TFG e das Prácticas Tuteladas.<br>•Existencia dunha aula de simulación de farmacia, da que fomos pioneiros nas universidades públicas españolas.<br>•Realización de cursos de formación de innovación docente no centro, para o PDI e de adquisición de competencias transversais para o estudantado.<br>•Realización de prácticas externas curriculares optativas no Sergas/Consellería de Sanidade, Distribución e Industria.<br>-Ampla capacidade docente do profesorado, ben cualificado, estable, cerca do 100% de doutores, con dedicación exclusiva e elevado número de quinquenios de docencia recoñecidos.<br>-Satisfacción dos distintos grupos de interese (profesorado, estudantado, egresados...).<br>-Posición destacada da facultade en diferentes rankings nacionais e excelentes resultados obtidos polo estudantado do Grao en Farmacia en exames a nivel estatal (convocatoria de FIR) nos últimos anos. | -Imposibilidade de interrelación entre estudantes de distintos cursos debido á non dispoñibilidade de aulas nun único edificio para realizar a docencia. Esta situación mantense dende o ano 2016 de forma ininterrompida e xa hai 6-7 promocións de estudantes de grao que non recibiron a súa docencia expositiva nas instalacións da Facultade de Farmacia.<br>-Carencia de oferta formativa para a adaptación do profesorado ó novo contexto educativo.<br>-Falta de recursos económicos que permitan actualizar as clases prácticas e incorporar novas actividades complementarias á docencia.<br>-Necesidade de implantación de materias noutros idiomas para ter unha maior proxección internacional.<br>-Carencia da axuda económica para o desenvolvemento de TFGs e TFMs experimentais. Isto condiciona a realización dos traballos experimentais, posto que só os poderán acometer aqueles grupos de investigación que teñen proxectos de investigación activos e instalacións axeitadas. |

| | | |
|---|---|---|
| | -Boa inserción laboral.<br>-Participación no programa A Ponte co Ensino Medio da USC. | |
| **Condicións externas Orientación ó futuro** | **Oportunidades** | **Ameazas** |
| | -Prestixio da Facultade de Farmacia a nivel nacional e internacional.<br>-Posibilidade de ofertar dobres titulacións.<br>-Posibilidade de captación de estudantado estranxeiro polo prestixio da Facultade de Farmacia.<br>-Excelente relación cos Colexios Profesionais e outras institucións e organismos relacionados coa profesión.<br>-Posibilidade de implantar actividades de Aprendizaxe-Servizo.<br>-Posibilidade de incrementar a captación de estudantado para os Másteres.<br>-Posibilidade de establecer convenios con empresas para a realización de prácticas do estudantado dos Másteres. | -Baixa taxa de reposición de profesorado para substituír as xubilacións masivas que se están producindo como consecuencia do avellentamento do persoal.<br>-Desánimo do PDI debido á falta de incentivos reais á calidade e excelencia docente.<br>-Desánimo do PDI ante a falta de solución para o problema da facultade.<br>-Incremento paulatino do número de estudantes nas clases interactivas. |

5.3.2. Análise CAME - LEC 2 DOCENCIA

| LEC 2. DOCENCIA | Oportunidades | Ameazas |
|---|---|---|
| **Fortalezas** | **Estratexias de reforzo** | **Estratexias correctoras** |
| | -Promover e potenciar xuntanzas do equipo directivo cos estudantes de cada curso e dos Másteres que se cursan na facultade.<br>-Potenciar a participación dos profesores da facultade no Programa A Ponte para atraer ata o Grao en Farmacia, o estudantado con mellor rendemento académico. | -Analizar as memorias do Grao en Farmacia e MIDM para a súa modificación.<br>-Reducir o tamaño dos grupos expositivos e interactivos mentres o permita a capacidade docente das áreas.<br>-Potenciar a participación do PDI en cursos que lles permitan mellorar a calidade da docencia.<br>-Solicitar financiamento estable para incorporar a profesionais externos en actividades de formación.<br>-Promover e potenciar cursos de posgrao e formación continua, e microcredenciales. |
| **Debilidades** | **Estratexias de acción** | **Estratexias de supervivencia** |
| | -Potenciar a relación con colexios profesionais, SERGAS, distribución farmacéutica e empresas.<br>-Continuar promovendo charlas específicas sobre as saídas profesionais da titulación de Grao en Farmacia.<br>-Promover a docencia en inglés para atraer a estudantes estranxeiros.<br>-Promover a docencia en galego.<br>-Modificar a memoria do Grao para adaptala ó novo contexto universitario e á nova normativa europea. | -Instar á reposición, promoción e incremento de profesorado. |

## 5.4. Liña estratéxica 3 – LEC 3. INVESTIGACIÓN

### 5.4.1. Análise DAFO - LEC 3. INVESTIGACIÓN

| **LEC 3. INVESTIGACIÓN** | **Aspectos positivos** | **Aspectos negativos** |
|---|---|---|
| | **Fortalezas** | **Debilidades** |
| **Condicións internas**<br>**Orientación ó presente** | -Ampla capacidade investigadora do profesorado que ten docencia no centro, avalada polos sexenios de investigación recoñecidos.<br>-Existencia de grupos de investigación (GI) de referencia competitiva e grupos de potencial crecemento recoñecidos por la Xunta de Galicia vencellados a docentes da facultade. Isto supón un potencial de liderado e captación de novos recursos económicos.<br>-Redes de investigación con transferencia do coñecemento avalado por múltiples patentes, que lideran a nivel nacional e internacional liñas de investigación punteiras, que permitiron que o centro estea á vangarda das facultades de farmacia en produción científica.<br>-Posibilidade de iniciación á investigación dos nosos estudantes a través das prácticas externas curriculares optativas en grupos de investigación.<br>-Posibilidade de que os estudantes entren en contacto coa industria a través dos contactos e colaboracións dos GI de excelencia.<br>- Máster en I+D de Medicamentos adscrito á Facultade de Farmacia, de perfil investigador, que ten longa traxectoria e recoñecida calidade pola ACSUG, e que ocupa posicións destacadas noutros rankings nacionais (3ª- 4ª posición nas últimas convocatorias analizadas). No 2015 e no ano 2019 o Máster renovou a súa acreditación, destacando a comisión avaliadora en ambas ocasións que na dimensión de recursos humanos a cualificación obtida é un exemplo que excede os requirimentos básicos. Unha porcentaxe moi elevada dos estudantes que o cursan ingresan en estudos de doutoramento e moitos egresados son na actualidade investigadores pre- e posdoutorais.<br>- Máster en Nanociencia e Nanotecnoloxía. Este Máster interuniversitario das Universidades de Santiago de Compostela e de Vigo integra nun corpo de coñecemento | -Atomización dos grupos de investigación da facultade ao marcharse algúns deles a centros singulares por carencias nos nosos laboratorios de investigación.<br>-Descentralización dos recursos de investigación do centro que non permite aos grupos acceder a equipos e tecnoloxías avanzadas para desenvolver liñas de investigación específicas.<br>-Desigualdade manifesta nas condicións respecto ás dos Centros singulares: baremo non mellorado por pertenza á facultade, servizos centralizados que abaratan os costes... |

| | | |
|---|---|---|
| | os avances que se producen no eido da nanociencia e das aplicacións tecnolóxicas dos nanosistemas en ámbitos moi diversos.<br>-Máster Universitario en Biofabricación. Este Máster interuniversitario das tres universidades galegas responde á identificación do novo perfil profesional de deseñador de tecidos. Estes profesionais serán formados por persoal docente e investigador que traballa no ámbito da biofabricación, bioimpresión, enxeñaría de tecidos e medicina rexenerativa.<br>-Programa de doutoramento en I+D de Medicamentos que forma futuros doutores, cun vencello moi estreito coa facultade, ao coordinarse dende un departamento do centro. | |
| **Condicións externas Orientación ó futuro** | **Oportunidades** | **Ameazas** |
| | -Prestixio da USC.<br>-Participación dos GI na actividade académica do centro.<br>-Posibilidade de captación de financiamento de proxectos polo PDI da facultade.<br>-Promoción de sinerxías entre os grupos de investigación da Facultade. | -Desánimo do PDI debido á falta de incentivos reais á calidade e excelencia investigadora.<br>-Ausencia de financiamento, polo descenso das convocatorias competitivas tanto a nivel nacional como autonómico.<br>-Burocratización excesiva da actividade investigadora. |

### 5.4.2. Análise CAME - LEC 3. INVESTIGACIÓN

| LEC 3. INVESTIGACIÓN | Oportunidades | Ameazas |
|---|---|---|
| **Fortalezas** | **Estratexias de reforzo** | **Estratexias correctoras** |
| | -Apoiar aos grupos de investigación. | -Impulsar a captación de financiamento estable para os grupos de investigación. |
| **Debilidades** | **Estratexias de acción** | **Estratexias de supervivencia** |
| | -Continuar promovendo actividades que dean a coñecer a actividade dos GI tanto ó estudantado das titulacións do centro como á sociedade. | -Fomentar a integración dos grupos de investigación da facultade nun centro de referencia que xurda da antiga Facultade de Farmacia. |

## 5.5. Liña estratéxica 4 – LEC 4. CALIDADE

### 5.5.1. Análise DAFO - LEC 4. CALIDADE

| LEC 4. CALIDADE | Aspectos positivos | Aspectos negativos |
|---|---|---|
| **Condicións internas Orientación ó presente** | **Fortalezas** | **Debilidades** |
| | -O Grao en Farmacia é moi relevante na sociedade. Isto xustificase na tradición dos estudos e a súa implantación exclusiva dentro do Sistema Universitario de Galicia (SUG), o seu interese profesional, o feito de | - Elevada rotación nos postos de traballo da Unidade de Xestión Académica de Centro e Departamentos, que repercute no bo funcionamento do centro.<br>-Baixa adaptación a dixitalización nos |

| | | |
|---|---|---|
| | orientarse a unha profesión regulada, a estabilidade da súa demanda, así como a elevada taxa de inserción laboral.<br>-Implicación do equipo directivo coa mellora continua do funcionamento do centro a través de:<br>•Organización de xornadas de recepción dos estudantes de primeiro curso do Grao en Farmacia, da dobre titulación Farmacia/Óptica, dos estudantes do Máster en I+D de Medicamentos, do Máster en Nanociencia e Nanotecnoloxía e do Máster de Biofabricacíon.<br>•Publicación de toda a información de interese para os estudantes, dentro da páxina web da Facultade, así como a súa actualización constante no que se refire ás ligazóns directas a espazos de asociación e representación de estudantes, accesos a ofertas de emprego e, especialmente, a ampla información referida aos programas de mobilidade.<br>•Realización dun único exame de normas de seguridade no laboratorio aos estudantes de primeiro do grao, antes de incorporarse ás súas prácticas de laboratorio.<br>•Elaboración e coordinación das listaxes de prácticas de laboratorio de todas as materias e de todas as titulacións que se cursan no centro.<br>-Integración do PTXAS co traballo que se desenvolve no centro e que contribúe ao bo funcionamento do mesmo.<br>-Existencia da Comisión Mixta de Prácticas Tuteladas do Grao en Farmacia: comisión paritaria de universidade e colexios profesionais para xestionar as prácticas tuteladas, ao ser unha materia obrigatoria con alta carga docente que ten que desenvolverse consonte a normativa europea.<br>-Existencia dun Comité Consultivo da facultade como órgano do que se obtén información salientable e actualizada dende o punto de vista profesional. | diferentes procesos de xestión do centro.<br>-Pouca información sobre os egresados.<br>-Pouco coñecemento do SGC por parte do PDI e PTXAS do centro.<br>-Duplicidades de persoal nos órganos do SGC. |
| **Condicións externas Orientación ó futuro** | **Oportunidades** | **Ameazas** |
| | -Mantemento das acreditacións das titulacións do centro.<br>-Posibilidade de crear novos postos dentro dos órganos do SGC. | -Burocratización excesiva das tarefas de xestión.<br>-Desánimo dos membros da Xunta de Facultade á hora de participar nos órganos do SGC. |

### 5.5.2. Análise CAME - LEC 4. CALIDADE

| LEC 4. CALIDADE | Oportunidades | Ameazas |
|---|---|---|
| **Fortalezas** | **Estratexias de reforzo** | **Estratexias correctoras** |
| | -Incrementar a frecuencia das xuntanzas do equipo directivo do Comité Consultivo da facultade.<br>-Promover e potenciar xuntanzas entre os PTXAS e entre o equipo directivo e os PTXAS. | -Promover e potenciar a participación do persoal do centro nos procesos electorais de representación nos órganos de goberno e do SGC do centro.<br>-Promover e potenciar a participación de todos os grupos de interese na recollida de datos. |
| **Debilidades** | **Estratexias de acción** | **Estratexias de supervivencia** |
| | -Explotar o prestixio da USC e da Facultade de Farmacia.<br>-Promover a elaboración de protocolos de xestión e dinamización da dixitalización. | -Impulsar a participación de todos os grupos de interese nas actividades relacionadas con SGC. |

# 6. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

## 6.1. Introdución obxectivos e accións estratéxicas

